




XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL**



Plan de Adaptación á situación COVID

CEIP AS FORCADAS

ÍNDICE DE CONTIDOS

- 1.- Medidas de prevención básicas
- 2.- Medidas xerais de protección individual
- 3.- Medidas de limpeza
- 4.- Material de protección
- 5.- Xestión dos Gromos
- 6.- Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade
- 7.- Medidas de carácter organizativo
- 8.- Medidas en relación coas familias e ANPA
- 9.- Medidas para o alumnado transportado
- 10.- Medidas específicas para o uso doutros espazos
- 11.- Medidas especiais para os recreos
- 12.- Medidas específicas para alumnado de educación infantil
- 13.- Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres
- 14.- Normas específicas para alumnado de nee
15. Previsións específicas para o profesorado
- 16.- Medidas de carácter formativo e pedagógico

ANEXOS

1.- MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS COVID19

Datos do centro:

CEIP As Forcadas

Rúa As Forcadas s/n Corme-Porto (Ponteceso) 15114

ceip.asforcadas@edu.xunta.gal

Dirección 881880929

Xeral 881880930

Educación Infantil 881880931

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas/>

Membros do equipo COVID:

Director – Manuel Nicolás Caridad López ()

Suplente 1 – María Cristina Lastra González ()

Suplente 2 – Lucía González Blanco ()

Suplente 3 – Marina Teijiz Veiga ()

Centro de Saúde de referencia (incluirla persoa de contacto e teléfonos):

CENTRO DE SAÚDE DE PONTECESO

Rúa Eduardo Blanco Amor, 16, 15110 Trabe, A Coruña

Teléfono 981 71 36 69

Coordinador Covid-Escola Miguel Ángel Varela Arias

Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe:

Lugar destinado ao illamento – Anexo dirección.

Papeleira con mecanismo pedal

Dispensador de solución hidroalcolica

Panos desbotables

Número de alumnos por nivel e etapa educativa:

EDUCACIÓN INFANTIL	NIVEL	Nº ALUMNOS/AS
	4º EI	2
	5º EI	3
	6º EI	7
	TOTAL 12	
EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEL	Nº ALUMNOS/AS
	1º EP	6
	2º EP	6
	3º EP	8
	4º EP	3
	5º EP	7
	6º EP	7
	TOTAL 38	

TOTAL NO CENTRO: 50 ALUMNAS/OS

Cadro de persoal con enderezo e teléfono de contacto (os teléfonos pódense ocultar no caso da versión para a distribución do Protocolo):

PERSOAL TRABALLADOR	ENDEREZO	TELÉFONO
Manuel Nicolás Caridad López - Director		
María Cristina Lastra González- Docente		
Marina Teijiz Veiga		
Eva Belén Castro Cruz -Docente		
Selma Carolina Tomé Díaz - Docente		
Lucía González Blanco - Docente		
María Pilar Torrado Rellán- Docente		
Mª Luisa Álvarez Vázquez-Docente		
Belén - Docente		
Sheila Rodríguez Trigo-Xefa DO		

Nicolás Torrado Rellán - Conserxe		
Raquel Domínguez Lema – ATE		
Josefa Varela Arán – Servizo limpeza		
Teresa Carabel Ferreiro - Servizo limpeza		

Determinación dos grupos estables de convivencia, con asignación da aula, do alumnado, do profesorado que exerza a titoría e os especialistas que impartan materias ao grupo:

Grupo estable	Aulas	Profesorado
Etapa de educación infantil Niveis de 4º a 6º	12, 13 e 15	Selma Carolina Tomé Díaz (Titoraa) Lucía González Blanco (Inglés) María Pilar Torrado Rellán (Relixión) Manuel Nicolás Caridad López (Música)
Etapa de educación primaria Niveis de 1º a 2º	3 e 4	Eva Belén Castro Cruz (Titoraa) María Cristina Lastra González (EF) Lucía González Blanco (Inglés) María Pilar Torrado Rellán (Relixión) Manuel Nicolás Caridad López (Música)
Etapa de educación primaria Niveis de 3º a 4º	6	María Cristina Lastra González (Titoraa) Lucía González Blanco (Inglés) María Pilar Torrado Rellán (Relixión) Manuel Nicolás Caridad López (Música)
Etapa de educación primaria Niveis de 5º a 6º	5	Marina Teijiz Veiga(titoraa) Lucía González Blanco (Inglés) María Cristina Lastra González (EF) María Pilar Torrado Rellán (Relixión) Manuel Nicolás Caridad López (Música)

Medidas específicas para os grupos estables de convivencia, con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e do grupo:

Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos compañeiros. Resulta recomendable que cada alumno teña o seu material gardado en

contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.

Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible.

Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que lave as mans se non o fixo previamente.

Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.

Evitarase o desprazamento do alumnado dentro da aula (cando non se trata de grupos de convivencia estable) aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias.

Teléfono da dirección [881880929](tel:881880929) ou xeral [881880930](tel:881880930) para calquera caso.

Teléfono persoal da dirección para casos do persoal do centro.

Dirección de correo electrónico para calquera consulta non urxente:
ceip.asforcadas@edu.xunta.gal

Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado:

Procedemento habitual para ausencias do persoal – Aviso por teléfono á dirección do centro que anotará a ausencia no libro dixital de ausencias do profesorado ou persoal non docente.

Procedemento habitual para ausencias do alumnado – Rexistro en XADE da ausencia. O persoal con titoría encargárase de informar dos casos que se produzan no seu grupo á dirección; que levará un rexistro das ausencias por Covid. As ausencias por esta causa non computan para o protocolo de absentismo e non precisan xustificación.

Procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas.

A dirección do centro ou na súa ausencia os suplentes designados para asumir as funcións desta, activarán o procedemento de comunicación ás autoridades sanitarias e educativas segundo se recolle nas instrucións do protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021.

2.- MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

No colexio vanse establecer tres Grupos de Convivencia Estable. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos.

- 1.- En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia.
- 2.- A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarse dende o centro das cadeiras.
- 3.- O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.

A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

4.- Os centro educativo informa aos membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección e as medidas de protección que se deben empregar, destacando:

- *O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sacala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.*
- *Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.*
- *Hixiene de mans: lavado frecuente, e meticuloso das mans con auga e xabón, durante*

polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcolico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.

- *A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.*
- *A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.*
- *Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.*
- *Habilitar dispensadores de xel hidroalcolico na entrada e en espazos comúns.*
- *Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada centro.*
- *Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.*
- *Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcolico nos espazos comúns.*
- *Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:*

Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.

Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

5.- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.

6.- Con anterioridade ao inicio do curso, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

7.- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros.

8.- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán preferentemente usadas só polo profesorado. Poderase arbitrar un sistema nas normas de aula compatible coa seguridade para que esta función a poida realizar o alumnado.

9.- Cando exista na portaría ou na administración do centro un espazo no que se distribúan formularios ou se entregue documentación que deba ser escrita facilitarase o material de escritura que deberá ser desinfectado polo usuario. Para estes efectos existirá ao carón un dispensador de xel.


10.- Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establecérase unha distancia mínima de 1.5 metros entre o usuario e o persoal, agás que se habiliten elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc.).

11.- O uso de luvas limitarase ao persoal de limpeza no momento de utilizar substancias abrasivas para a pel, así como ao persoal Auxiliar Técnico Educativo naqueles usos de asistencia á hixiene persoal do alumnado atendido, tal e como se viña facendo antes da emerxencia sanitaria.

Gráfico da situación dos pupitres nas aulas:

Todas as aulas de primaria teñen os mesmos metros cadrado.

Exemplo de distribución:



Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro:

Sen prexuízo da aplicación das normas do punto anterior no caso de aulas de PT/AL, biblioteca ou informática extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

O material que sexa compartido, debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada.

No caso da clase de educación física ou música o material que teña que ser empregado por varios alumnos/as implicará a súa limpeza e desinfección despois do seu

USO.

Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias:

Na realización de reunións de titorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá a distancia de seguridade e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello):

O centro fará pública a información a través da páxina web do centro. Ademais nas entradas aos edificios, haberá información visible das obrigas en canto a seguridade.

Uso da máscara no centro:

É obrigatorio usar máscara de protección en todo caso nas circulación polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro, nos recreos e na estancia na biblioteca (o uso adicional de viseiras protectoras non é obrigado aínda que non se prohíbe para as persoas que voluntariamente as usen).

Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.

O centro fará pública a información a través da páxina web do centro e advertirá desta circunstancia a través da aplicación ABALARMOBIL.

3.- MEDIDAS DE LIMPEZA

Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente:

O protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza con independencia da súa dependencia orgánica polo que será de aplicación non só ás empresas externas senón tamén ao persoal dos concellos que teñen a obriga de realizar o mantemento e conservación de conformidade coa normativa vixente.

Operacións básicas:

- *Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos 2 veces ao día. En todo caso nos aseos das persoas adultas existirá material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.*
- *Limpeza polo menos unha vez ao día das aulas dos Grupos de Convivencia Estable. Isto supón:*
 - o *Limpeza de cadeiras e pupitres do alumnado.*
 - o *Limpeza de mesa e cadeira do profesorado.*
 - o *Limpeza de andeis e mesas auxiliares.*
 - o *Limpeza de todo o chan da aula.*
- *Limpeza con especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características como billas, elementos das cisternas e outros elementos dos aseos.*
- *Do mesmo xeito, realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos, ao finalizar a xornada, deixando que actúe o produto de limpeza, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario.*
- *Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.*
- *Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro.*
- *Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.*
- *Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos unha vez finalizada a xornada, sempre que sexa posible e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.*

Operacións básicas para o persoal traballador no centro:

- *Limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos (cada usuario ao terminar de utilizar un*

ordenador de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante).

- Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador, profesor especialista, ou calquera outro) ventilarase a aula ou sala polo menos 15 minutos logo de cada sesión. Haberá un modelo de rexistro escrito para que quede constancia da operación.

En relación coa xestión dos residuos:

- Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans e o material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) deben ser refugados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa.
- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas:

Horario de setembro a xullo.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:30-11:30	10:30-11:30	10:30-11:30	10:30-11:30	10:30-11:30
Teresa Carabel Ferreiro	Teresa Carabel Ferreiro	Teresa Carabel Ferreiro	Teresa Carabel Ferreiro	Teresa Carabel Ferreiro
16:00- 20:00	16:00- 20:00	16:00- 20:00	16:00- 20:00	16:00- 20:00
Teresa Carabel Ferreiro	Teresa Carabel Ferreiro	Teresa Carabel Ferreiro	Teresa Carabel Ferreiro	Teresa Carabel Ferreiro
Josefa Varela Arán	Josefa Varela Arán	Josefa Varela Arán	Josefa Varela Arán	Josefa Varela Arán

Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza:

Para a realización da limpeza por parte do persoal do centro dos obxectos de uso compartido habilitaranse expendedores de xel hidroalcolico e panos de papel desbotables.

Para a realización da limpeza por parte do alumnado (só grupos de 4º a 6º de primaria) dos obxectos de uso compartido, habilitaranse expendedores de xel hidroalcolico e empregarán os panos de papel desbotables de uso persoal e intransferible.

Para a realización da limpeza por parte do persoal profesional, será:

Obrigado o uso de luvas e máscara.

Recomendable o uso de bata ou traxe de traballo.

Dentro dos posibles produtos de limpeza a empregar, ver documento do Ministerio de Sanidade:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf

Cadro horario dos labores de limpeza:

Horario de mañá

Hora: 10:30	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Teresa Carabel Ferreiro.					
Ademais deberán facerse cargo da desinfección da zona de confinamento con carácter de urxencia en calquera momento que sexa necesario.					

Horario de tarde

Edificio	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Infantil	Aulas 12,13, 15 e 16. Corredores.	Aulas 12,13, 15 e 16. Corredores.	Aulas 12,13, 15 e 16. Corredores.	Aulas 12,13, 15 e 16. Corredores.	Aulas 12,13, 15 e 16. Corredores.
	Aseos adultos EI	Aseos adultos EI	Aseos adultos EI	Aseos adultos EI	Aseos adultos EI
	Aseos 4º-6º EI	Aseos 4º-6º EI	Aseos 4º-6º EI	Aseos 4º-6º EI	Aseos 4º-6º EI
	Ximnasio e baño patio	Ximnasio e baño patio	Ximnasio e baño patio	Ximnasio e baño patio	Ximnasio e baño patio
Primaria	Zona administración	Zona administración	Zona administración	Zona administración	Zona administración
	Aseos adultos EP	Aseos adultos EP	Aseos adultos EP	Aseos adultos EP	Aseos adultos EP
	Aseos 1º- 3º EP	Aseos 1º- 3º EP	Aseos 1º- 3º EP	Aseos 1º- 3º EP	Aseos 1º- 3º EP
	Aseos 4º-6º EP	Aseos 4º-6º EP	Aseos 4º-6º EP	Aseos 4º-6º EP	Aseos 4º-6º EP
	Aulas 1,2,3,4,5,6,7,8,9 e biblioteca. Corredores	Aulas 1,2,3,4,5,6,7,8,9 e biblioteca. Corredores	Aulas 1,2,3,4,5,6,7,8,9 e biblioteca. Corredores	Aulas 1,2,3,4,5,6,7,8,9 e biblioteca. Corredores	Aulas 1,2,3,4,5,6,7,8,9 e biblioteca. Corredores

O **Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES)**, realizará na medida que a súa dispoñibilidade llo permita, unha desinfección das zonas ao aire libre dentro do recinto escolar.

Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula):

Día	Mes de		Aula	
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:
	:	:	:	:

A duración da ventilación deberá ser de 15 minutos.

Determinación dos espazos para a xestión de residuos:

Todas as dependencias ocupadas e tamén na entrada do edificio administrativo terán unha papeleira con tapa (a maior parte delas con mecanismo de pedal) provista de bolsa de plástico que será baleirada unha vez ao día.

A zona de illamento, espazo destinado ao confinamento temporal en caso de detectarse un posible caso, tamén contará con papeleira con mecanismo de pedal e dobre bolsa plástica.

4.- MATERIAL DE PROTECCIÓN

Rexistro e inventario do material do que dispón o centro:

Para control do material, o centro levará un rexistro dixital onde se reflicta a partida económica destinada a este efecto. Tamén dixitalmente levarase constancia do material entrante e do existente no almacén.

Determinación do sistema de compras do material de protección:

Procurarase sempre que sexa posible facer o aprovisionamento no comercio da comunidade autónoma.

Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición:

A dirección, encargada de efectuar a compra, atenderá as indicacións do persoal de limpeza e conserxe en canto as necesidades de reposición. Este ou calquera outro membro do persoal deberán avisar coa necesaria antelación ao esgotamento total de recursos.

5.- XESTIÓN DOS GROMOS

No contexto deste protocolo, defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

ATENCIÓN!!

Non asistirán ao centro aqueles persoas que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID- 19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco asistirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de Covid-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da Covid-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.

Os coniventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

Cando se sospeita que un membro do alumnado ou traballador/a comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 **no centro educativo** seguirase o seguinte protocolo de actuación:

- *Levarase a o espazo separado de uso individual.*
- *Colocaráselle unha máscara cirúrxica tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado.*
- *Contactarase coa familia no caso de alumnado.*
- *En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo incluírá á rede de contactos a través da aplicación "EduCovid" para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.*

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberán solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra dentro das seguintes 24 horas para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica. Tamén se contactará con algún membro do equipo covid do centro educativo a maior brevidade posible.

Dende a Consellería de Educación habilitase unha canle informática, denominada "EduCovid", específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recomendase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.

Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana e que estará dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.

Como ocorre con calquera outro caso confirmado de Covid, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCovid solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo

Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid deberá pórse en contacto coa CSC a través do número de teléfono dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.

Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCovid, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixe ao Equipo Covid e pediralle que realice a súa carga en EduCovid. En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCovid.

O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso. Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da “Rede de contactos” proposta por EduCovid, na que se inclúen compañeiros de clase, de comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...). Para esta determinación terase en conta o previsto no Anexo I BIS.

Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o Equipo Covid deberao incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos que precisan corentena, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCovid. No caso de que, conxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” sen seleccionar a ningunha persoa. Deste xeito, o estado do expediente pasará de “Petición de contactos” a “Contactos comunicados”, coa correspondente traza temporal.

No descrito previamente asúmese que, se é o Equipo Covid quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederase do xeito seguinte:

1. Unha vez recibida a notificación, á CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de Covid. Se hai información abondo, ou non é posible desbotar a información como resultado dun erro, o Equipo Covid cargará o caso en EduCovid co IdOrixe 0000. Isto indicará que o caso aínda non está verificado.

2. Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a persoa directora do centro quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de Covid-19, polo que deben quedarse na casa en corentena.

3. Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixe válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixe, para que o Equipo Covid

modifique o Id 0000 polo IdOrixe real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederase de forma habitual, onde a CSC chamará aos contactos estreitos para enquisalos e iniciar o seguimento.

En todo este proceso, esixirase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid.

O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares non vinculadas ao centro, terán que ser recollidos pola autoridade sanitaria.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargarse da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.

O equipo Covid de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

Escenarios no suposto de Gromos

A Autoridade Sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade, cos seguintes supostos:

a) Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara **os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria** segundo os protocolos vixentes en cada momento.

b) As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán permanecer en corentena ata que obteñan o resultado negativo da PCR que se solicitará transcorridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se, polo motivo que fose,

pasan 14 días do último contacto co caso confirmado e non se realiza a PCR, a corentena finalizará igualmente.

O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselles unha proba de Covid nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por Covid-19.

c) En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Os centros deberán incorporar a sistemática prevista no plan de continxencia, naquelas cuestións que son da súa responsabilidade, ao seu propio Plan de Continxencia, previsto no Anexo VI.

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

O centro dispón dunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro na que figure a identificación persoal, un ou varios números de teléfono de contacto e o enderezo para, de ser o caso, poder trasladalo ás autoridades sanitarias.

O “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” será remitido tamén

á Inspección educativa.

O centro elaborará un “Plan de Continxencia” de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI no que se establecerán a medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

Deben determinarse as persoas que realizarán as comunicacións das incidencias a autoridade sanitaria e educativa:

Coordinador – Manuel Nicolás Caridad López

Membro 1 – María Cristina Lastra González

Membro 2 – Marina Teijiz Veiga

Suplente 1 – Lucía González Blanco

Suplente 2 – Selma Carolina Tomé Díaz

Para comunicado de casos:

Comunicación casos a Consellería de Educación

Central de Seguimento de Contactos

--

Xefatura Territorial de Sanidade

(8-15 h)

Número de Garda : Servizo de Alertas Epidemiolóxicas de Galicia

Equipo de Coordinación Operativa COVID19 Consellería Educación

Inspección educativa

Inspección educativa da Coruña

Jesús María Risueño López

Centro de Saúde de Referencia

Coordinador Covid-Escola

Miguel Ángel Varela Arias

6.- XESTION DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

Canle de petición das solicitudes, de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto:

De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa.

O servizo sanitario do servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2.

De conformidade co Criterio Operativo nº 102 /2020 do Ministerio de Traballo e Economía Social, o escenario de risco cualifícase como de baixa probabilidade de exposición (NR1).

Para cualificar unha persoa como especialmente sensible para COVID-19, debe aplicarse o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-COV-2, publicada polo Ministerio de Sanidade.

En consecuencia o persoal docente e non docente deberá permanecer no seu posto de traballo ata que se determine, se é o caso, que se trata de persoal especialmente sensible e que non poida ser protexido no seu posto de traballo mediante as medidas establecidas neste protocolo.

Se a pesar desta circunstancia algún empregado público considera necesaria a avaliación da súa saúde en relación a COVID-19, actuarase como a continuación se indica.

Esa avaliación é a única actividade técnica que poderá servir de base para tomar as decisións preventivas adaptadas a cada caso.

No anexo II do protocolo recóllense os distintos escenarios que se poden dar co persoal incluído como grupo vulnerable e indícanse, de ser o caso, as adaptacións de tarefas que a Consellería deberá realizar para que poida seguir desempeñando o seu posto de traballo.

Tal e como se recolle no anexo II, o simple feito de que o/a traballador/a presente algunha das patoloxías indicadas non determina a súa consideración de traballador como especialmente sensible, polo tanto, para determinar a especial sensibilidade deberán concorrer as circunstancias indicadas en ditos anexos e proceder tendo en consideración que a situación de partida é a de nivel de risco NR1.

De acordo co que antecede, cando un/unha traballador/a se atope dentro dun grupo vulnerable dos sinalados anteriormente, deberanse seguir os seguintes pasos:

A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde, deberá dirixir a súa solicitude á dirección do centro educativo onde presta os seus servizos, na que exprese que concorren as causas para considerar o/a traballador/a como grupo vulnerable e susceptible de ser considerado persoal sensible (anexo III deste protocolo).

A dirección do centro educativo emitirá, por cada solicitante, un informe no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes. Porase a disposición das direccións un modelo de informe simplificado no Portal da dirección (anexo IV).

A dirección do centro educativo remitirá cada día en que existan solicitudes unha relación das peticións de valoración da sensibilidade do traballador e do posto, xunto cos informes emitidos, á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación do ámbito provincial onde radique o centro de traballo.

Para remisión de solicitudes de persoal vulnerable:

[Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial:](#)

A Inspección Médica Educativa analizará a petición achegada, e solicitará mediante correo electrónico ao/á traballador/a a documentación acreditativa da súa situación que resulte procedente para resolver a adaptación do posto de traballo ou a declaración de persoal como sensible.

Coa análise da devandita documentación e da relativa aos posibles riscos existentes no centro de traballo da persoa solicitante, o facultativo emitirá informe.

A Inspección Médica Educativa poderá solicitar, se fose preciso, un informe preventivo

adicional de carácter complementario ao Servizo de Prevención de Riscos laborais da Consellería de Educación, quen, a súa vez, o recadará do servizo sanitario preventivo contratado.

A actuación do servizo sanitario non suporá a necesidade de desprazamento nin do/da traballador/a nin do facultativo e realizarase a través da análise da documentación que aquel lle achegue.

Resulta obrigatorio para o/a traballador/a achegar toda a documentación requirida polo servizo sanitario nun prazo máximo de 3 días hábiles; no caso contrario, entenderase que desiste da súa petición.

O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores.

Mentres se tramita o informe da Inspección Médica, o/a traballador/a terá a obriga de acudir presencialmente ao centro.

No que se refire ao informe que emitirá o servizo sanitario, deberá establecer algunha das seguintes medidas:

Establecer que non concorre especial sensibilidade no/na traballador/a e que haberá que seguir mantendo as medidas de prevención establecidas no presente protocolo e que polo tanto pode realizar a súa actividade presencialmente de conformidade co previsto no anexo II.

Se hai algunha circunstancia no posto de traballo que poida elevar o risco na saúde da persoa traballadora, realizará un informe de adaptación de posto no que se lle indiquen ao responsable da dirección do centro as medidas de prevención, adaptación e protección que se deban adoptar. Estas medidas poderán consistir na adaptación do posto de traballo, dotación dunha protección adecuada que evite o contacto ou de recolocación a outras funcións exentas de risco, tendo en conta as pautas incluídas no anexo II.

Como última medida e, unha vez acreditada a imposibilidade de realizar as medidas do punto anterior, o facultativo emitirá informe en que indique a imposibilidade de adaptación do posto de traballo e a imposibilidade de aplicar unha protección adecuada que evite o contaxio ou recolocación a outras funcións exentas de risco e, polo tanto, considerarase ao/a traballador/a como especialmente sensible para os efectos da tramitación, de ser o caso, da incapacidade laboral.

Para efectos do estudo das circunstancias concorrentes para a declaración dun/ha traballador/a como especialmente sensible, realizarase o estudo das patoloxías do traballador en relación co seu posto de traballo, avaliando especificamente o risco que supoñen as súas funcións en relación coas súas doenzas.


Cómpre destacar que se as circunstancias do posto de traballo non variaron respecto á situación previa da pandemia do coronavirus, non existe no/a traballador/a maior sensibilidade que a que existía con anterioridade.

Vulnerabilidade no caso de alumnado:

No caso de situación de alumnado con posible consideración de risco por situación persoal, será a/o pediatra o que determinará co seu informe as medidas específicas necesarias para ter unha educación presencial ou ben indicar que se debe pasar a unha educación a distancia.

7.- MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO

Habilitaranse diferentes entradas para o alumnado de primaria, deste xeito evitase o contacto cos elementos das portas para cada Grupo de Convivencia Estable. O alumnado de educación infantil ao ter un edificio exclusivo separado do de primaria non require de medidas específicas.



Entradas e saídas:

A entrada farase pola porta lateral do recinto escolar.

Con bo tempo todo o alumnado se distribuirá no patio situado entre ambos edificios.

No caso de condicións climatolóxicas adversas o alumnado de primaria accederá a súa aula onde un mestre/a o atenderá ata o comezo da actividade lectiva.

Para o acceso as aulas de primaria unha vez vai comezar a actividade lectiva:

O alumnado disporase en filas de tal xeito que os Grupos de Convivencia Estable se sitúen en metades distintas do patio cuberto. Cada grupo accederá pola porta que lles quedan máis preto. O uso da porta que lles corresponda será a única que empregarán para acceder ao interior do edificio (volta do recreo, ruta ao ximnasio, ...).

A dirección do centro ten a posibilidade, en situacións excepcionais, de reforzar o

número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada ao recinto en condicións de seguridade.

O alumnado de infantil será dirixido a unha zona delimitada do patio e no caso de mal tempo directamente a cuberto. Neste último caso, o alumnado poderá ser acompañado por un familiar ata a entrada do seu edificio. O mestre ou mestra de garda na porta controlará cando isto será posible e ordenará o proceso para que se faga de xeito adecuado. Os acompañantes deberán usar máscara e permanecerán no interior o menor tempo posible.

Fóra do suposto anterior, con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo. O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos.

Nos corredores a circulación se fará pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade.

Na entrada e saída da aula o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.

Para a saída do centro, o alumnado de infantil sairá ás 14:30 e o de primario no horario habitual. Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.

O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material estea recollido de tal xeito que facilite a posterior labor de desinfección por parte do servizo de limpeza. Tamén de que o alumnado saia ordenadamente.

A mestra/e de garda na porta advertirá as familias e alumnado para que non se produzan agrupacións fóra do recinto escolar.

Nas aula:

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais.

Con carácter xeral, o alumnado vai a ter a súa actividade lectiva nas aulas asignadas só para o seu grupo.

Para o uso de aulas de uso común, por organización dos horarios, garantirase que:

Foran ventiladas por un período de entre 5 e 15 minutos.

Uso dos aseos:

Cada Grupo de Convivencia Estable vai a ter un espazo de aseo exclusivo.

O alumnado deberá hixienizar as mans á entrada e saída do mesmo.

O publico en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos mais próximos á entrada do centro.

No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

Medidas específicas para os recreos:

Nos recreos o uso da máscara será obrigatorio.

A dirección do centro, atendendo a idades e peculiaridades do alumnado, de ser o caso, poderá reducir a duración dos recreos ou organizar a realización de recreos en aula por causas excepcionais.

O recreo do Grupo de Convivencia Estable de infantil, fará o recreo na zona baixa do recinto ou na aula 15 (se as condicións climatolóxicas fosen adversas), tal e como se estivo a facer nos anteriores cursos.

O recreo do Grupo de Convivencia Estable de 1º e 2º de primaria e do Grupo de Convivencia Estable de 3º a 6º de primaria, farán o recreo na parte alta do recinto ou nas súas aulas (se as condicións climatolóxicas fosen adversas).

Medidas específicas para saídas complementarias:

Cando se pretendan realizar saídas de carácter complementario, o alumnado e profesorado seguirán as normas de obrigado cumprimento para a poboación en xeral.

Previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética:

A prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa ubicación.

O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas

de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.

Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual.

A cartelería de uso preferente será a subministrada pola administración autonómica. Se fose necesaria tamén a impresa polo propio centro.

Na medida do posible evitarase, para facilitar a limpeza, a colocación de anuncios, collages, murais, ou outro material nas paredes de corredores e aulas.

Asignacións do profesorado encargado da vixilancia:

Entrada:

Haberá un mestre/a na porta de entrada que velará por que non haxa aglomeración de persoas e controlará o acceso do alumnado.

Haberá un mestre/a de garda no patio, que velará porque o alumnado de primaria cumpra co uso de máscara e distanciamento entre grupos estables de convivencia.

Haberá un mestre/a que atenderá ao alumnado de infantil ata o comezo da actividade lectiva.

Saída:

A saída do alumnado de infantil farase ás 14:30 horas e colaborará co persoal coidador de transporte escolar. Cada titora encargarse de saír co alumnado de transporte escolar ata o propio autobús. Un terceiro mestre quedará na porta de acceso para vixiar a saída do alumnado non transportado e evitar as aglomeracións.

Recreos:

Haberá tres mestres/as de garda. Unha persoa atenderá o patio de primaria, outra o patio de infantil e a última fará a garda de biblioteca.

8.- MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021”. O dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte ao COVID e determinará con claridade as responsabilidades de organizadores e xestores. Asignaranse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar co obxectivo de mellorar de realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.

As actividades das ANPAs celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.

Os Consellos Escolares celebráranse preferentemente de xeito telemático.

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titora/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e a aplicación AbalarMobil.

Recoméndase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención (usos obrigatorios de máscara) e aforos (50 por cento de capacidade) sempre que se permita manter a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

9.- MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas a prazas coa obriga do emprego de máscara.

Inicialmente mentres non se reciba información que o contradiga o uso é aconsellado pero non obrigatorio nos menores de 6 anos).

Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado velarán porque todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha mellor trazabilidade dos contactos, salvo que, en base á situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso máis restritivo do mesmo.

Cando no centro educativo se produza a entrada dos autobuses dentro do recinto permitirase a mesma con parada separada do restante alumnado. Este terá prioridade para a entrada nas aulas con carácter xeral. No caso de que a parada se estableza na vía pública faranse ringleiras coa suficiente separación entre alumnos/as.

10.- MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

No caso de aulas de PT/AL, aulas de musica, ou informática extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido. Na confección dos horarios terase en conta que se é posible estas dependencias non sexan empregadas por Grupos de Convivencia Estable distintos nunha mesma xornada escolar.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

No caso da clase de educación física ou música o material que teña que ser empregado por varios alumnos/as implicará a súa desinfección despois do seu uso.

Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de frautas) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros.

No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realice no exterior ou que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizaranse o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos/as e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnacios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

Cambios de clase

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos exepcionais.

Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

A saída será ordenada e continua, de 1 e 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo

anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará as mans.

Normas específicas do uso da biblioteca:

A biblioteca poderá ser usada ata o aforo xeral para as bibliotecas públicas. Excepcionalmente, se fose posible polo tamaño da mesma, o equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.

O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer illado como mínimo 4 horas antes de volver aos andeis. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.

Aplicanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias, inclusive a dos Grupos de Convivencia Estable.

Escenarios:

En horario de mañá.

Por semanas alternas os grupos de convivencia de primaria poderán facer uso da mesma. Na semana do grupo de 1º e 2º tamén estará dispoñible para o grupo de educación infantil No tempo de recreo se poderá acceder ao préstamo de fondos da biblioteca.

En horario de tarde.

A biblioteca abrirá os luns, mércores, xoves e venres en horario de 16 a 18 horas.

A biblioteca será desinfectada polo servizo de limpeza despois do seu peche.

O número total de usuarios nunha tarde non será superior ao total do seu aforo, deste xeito garántese a distancia de seguridade entre asentos.

O responsable de biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose necesario mediante petición previa.

11.- MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

Durante os recreos está permitido o xogo por todo o patio con uso de máscara. O horario de recreo será de 12:05 a 12:35.

O espazo físico de xogo será o mesmo que nos cursos anteriores, é dicir, para o grupo de infantil o espazo anexo ao ximnasio e para os grupos de primaria o espazo situado arredor do edificio de primaria. Ambos espazos están ben separados fisicamente.

No caso dos grupos de primaria a superficie dispoñible por metro cadrado e alumno/a é moi grande, feito que minimiza os riscos de contaxio.

No caso de mal tempo, o alumnado de infantil fará o recreo ben na aula ordinaria ou ben na aula 15, situada dentro do seu edificio. O alumnado de primaria poderá facer uso da biblioteca se lle corresponde por quenda, do patio cuberto (con uso obrigado de máscara) ou en aula se nesta permanece algún membro do profesorado.

As gardas correspondentes ao profesorado, serán asignadas pola dirección que terá en conta o principio de seguridade por riba dos demais criterios organizativos.

Gr. Estables	Grupo EI	Grupo 1º- 2º EP	Grupo 3º- 6º EP
9:25-9:35 Garda transporte	Patio. Con mal tempo acceso directo á aula.	Patio. Con mal tempo acceso directo á aula.	Patio. Con mal tempo acceso directo á aula.
12:05-12:35 Recreo	Zona baixa. Con mal tempo aula 15.	Patio. Con mal tempo patio cuberto, biblioteca se lles corresponde ou aula do grupo.	Patio. Con mal tempo patio cuberto, biblioteca se lles corresponde ou aula do grupo
14:30	Saída acompañada da titora.		
14:35		Saída acompañada da titora.	Saída acompañada da titora.

12.- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Na etapa de Educación Infantil, e nas unidades e centros de educación especial, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase mediante grupos colaborativos de alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara, poren para o profesorado e o persoal non docente que tena contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcolico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que no caso nos dispensadores non estarán accesibles e serán usados baixo supervisión. Por iso, para o alumnado de 1º e 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcolico e priorizarase o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.

Para o xogo en recantos (ambientes) delimitarase e organizarase para minimizar os riscos. A desinfección do espazo e dos materiais farase polo persoal de limpeza unha vez no día. Estes materiais serán de poucas pezas e de fácil desinfección.

A merenda realizarase coas medidas de control habitual nesta etapa.

Os elementos de xogo ao ser un Grupo de Convivencia Estable poderán ser empregados, pero poñerase especial atención para que non sexan levados preto da boca ou cara.

A participación en obradoiros implicará un maior control no uso e posterior desinfección dos materiais comúns empregados.

O uso de máscara nestes grupos de idade é aconsellable pero **non obrigatorio**.

O día que teñan posibilidade de facer **uso da biblioteca**, procurarase facer o tránsito no momento que os grupos de primaria estean nas correspondentes aulas e non en tempo de cambio de clase.

13.- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES

Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de carteis informativos.

Estableceranse as medidas axeitadas para que o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.

Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso. Así mesmo, engadiranse outros equipos de protección axeitados en cada caso, favorecendo cando sexa posible a utilización de materiais desbotables.

O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo.

14.- NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

O alumnado con necesidades educativas especiais contará cun protocolo e orientacións de atención específicas, con especial atención ás unidades e centros de Educación Especial.

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fora da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade.

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira no respectar a distancia de seguridade.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

Asignarase, se fose necesario, un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.

O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

PROTOCOLO

O obxectivo do presente documento é o de incorporar as medidas e accións complementarias ás indicadas no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 para os nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

1. Que se entende por necesidades educativas especiais

Entendemos por alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) a aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta. A lexislación relativa ao alumnado con necesidades educativas especiais está recollido na Lei

Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación¹ na sección primeira do Título II, nos artigos do 73 ao 75. Esta norma concrétase en Galicia no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2003, do 3 de maio, de educación, na que se establecen a educación en unidades e centros de educación especial e a escolaridade combinada con centros ordinarios como una opción excepcional.

Polo tanto o presente protocolo será de aplicación a todo o alumnado con necesidades educativas especiais que, por razón da súa condición, precise de medidas adicionais ou diferentes das ordinarias previstas no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021

2. Protocolo específico de prevención da transmisión Covid-19

Con carácter xeral, no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, mantéñense as catro medidas fundamentais na prevención do coronavirus: uso de máscara de protección (de forma obrigatoria en maiores de 6 anos sempre que a toleren), incremento da hixiene de mans ata un mínimo de 5 veces ao día, manter a distancia física establecida de forma xenérica de 1 metro e medio, e potenciación da ventilación dos espazos pechados.

Especificamente neste colectivo, destacamos as seguintes medidas específicas de prevención da transmisión da Covid-19:

1. O/a alumno/a con necesidades especiais utilizará máscara cirúrxica ou hixiénica, que cumpra coa normativa UNE 0064 (para as dun só uso) ou UNE 0065 (para as reutilizables), sempre que teña unha idade superior a 6 anos e recomendada para alumnado entre os 3 e 6 anos. Neste colectivo, será necesario verificar a tolerancia do neno ou da nena á máscara. Se non fose posible a súa utilización, prescindirase do uso da máscara por parte do/a neno/a e manterase un cumprimento estrito da distancia de seguridade.

2. Naqueles casos nos que o alumno/a poida facer uso de máscara e nos que non sexa posible que os profesionais de interveñen con el garden a distancia de seguridade para as diferentes actuacións precisas (aseo, outros apoios á autonomía persoal, atención de audición e linguaxe, etc), hai que extremar as precaucións de hixiene de mans, e utilización de máscara cirúrxica ou téxtil co marcado UNE 0065, xunto coa recomendación da utilización da pantalla.

3. Nos restantes casos manterase unha distancia de 1,5 metros de forma xenérica nas

iteracións co resto do persoal e alumnado. Se non se puidese manter esta distancia e esta tivese que ser reducida, complementaríase coa utilización de mamparas de separación entre os escritorios.

4. No caso de que o alumnado non faga uso de pupitres senón doutros elementos educativos (colchonetas, elementos de estimulación sensorial, etc) procederá a ventilación posterior da sala e limpeza con solución dos virucidas aprobados polo Ministerio das superficies utilizadas

5. Con carácter xeral e por motivos de inclusión, o ACNEE formará o grupo de convivencia estable coa aula á que pertence. Nos caso de alumnado en escolaridade combinada o alumnado formará grupo de convivencia estable coas aulas ás que lle correspondan tanto nun mesmo centro como en centros diferentes.

6. Para facilitar a xestión sanitaria do SARS-CoV-2 e a mellor atención posible ao alumnado que precise apoios específicos con criterios de seguridade, poderá procederse a creación, sempre voluntariamente por parte dos centros, e en coordinación coas familias, de Unidades de Educación Especial en Centros Ordinarios. Facilitarase que este alumnado comparta espazos de uso común e outras asignaturas específicas para facilitar a súa inclusión.

7. Tanto nos Centros Específicos de Educación Especial ou nas Unidades de Educación Especial en Centros Ordinarios, será posible que se constitúan grupos colaborativos dentro dos grupos de convivencia estable cando o número de alumnos/as por aula sexa superior a 5. Non obstante, naquelas aulas de centros de educación especial ou unidades de educación especial en centros ordinarios cun número de alumnos/as entre 5 e 10 poderá establecerse un único grupo colaborativo que funcionará como grupo de convivencia estable.

8. Garantirase a accesibilidade comunicativa e cognitiva da información relevante para o alumnado mediante a utilización dos Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación, e das modalidades comunicativas que utilice o alumnado. A tal fin poderá dispoñerse cartelería con pictogramas Así como a adaptación de información e recomendacións a modalidades accesibles como, por exemplo, lectura fácil.

9. Aconsellase que ao inicio do curso o alumnado con necesidades educativas especiais dispoña dun documento de adaptación específico de medidas de seguridade. Este documento será elaborado polo Departamento de Orientación do centro educativo en colaboración co pediatra de referencia do/a alumno/a. Este documento formará parte do Plan

de Atención Individualizado previsto no Protocolo de Atención Educativa a Urgencias Sanitarias e Enfermidade Crónica, para o que se publicará unha Addenda orientativa na que constarán, cando menos: a tolerancia/pertinencia ou non do uso de máscara, os síntomas particulares que poden corresponder ao alumno/a en función da súa condición ou patoloxías previas con especial indicación dos sinais de alerta que correspondan no caso de que o alumno/a non poida comunicar ou discernir con claridade os síntomas previstos na cuestionario de autoavaliación Covid-19.

10. O alumnado con necesidades especiais terá prioridade nas entradas e saídas do centro educativo. Cando sexa necesario, o/a alumno/a será acompañado por persoal do centro educativo.

11. Estableceranse pautas específicas diferenciadas e coherentes coas implantadas en centros asistenciais para o alumnado que faga uso das residencias escolares de centros de educación especial en réxime de internado.

12. Nas sesións de Audición e Linguaxe farase uso de máscaras transparentes, hixiene de mans e ventilación do espazos por un mínimo de 5 minutos tras cada sesión.

13. Extremaranse as medidas de hixiene nos comedores escolares, especialmente por parte do persoal que atende ao alumnado sen autonomía na alimentación.

14. Prestarase especial atención á hixienización dos agarres das cadeiras de rodas, que poden ser manipulados por diferentes persoas no centro.

15. O uso de vasos terapéuticos (piscinas de uso terapéutico) e as sesións de fisioterapia nos centros de educación especial seguirán as recomendacións sectoriais previstas.

16. No caso de alumnado en modalidade de escolarización combinada recoméndase que os días de permanencia en cada centro sexan continuados para facilitar a trazabilidade epidemiolóxica.

17. Ante unha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcolico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo do COVID-19 no centro educativo e cos familiares ou titoraes

legais.

- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:

a - Obrigatoriedade de utilización de máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.

b - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desechable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

c - Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro deberá dispoñer dun stock deste material de protección para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

15.- PREVISIONS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio do cumprimento das normas.

O profesorado deberá dispor dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcolico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza será subministrado polo centro educativo.

En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

Todas as reunións do profesorado realizaranse nunha dependencia que permita cumprir as normas de protección para evitar contaxios e que cando menos habilite unha distancia de seguridade de 1,5 metros.

Na realización de reunións de titorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá a distancia de seguridade e produtos de limpeza de mans.

O emprego de máscara será obrigatorio.

Reunións de órganos colexiados:

De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia.

En principio, e mentres a asistencia ao centro sexa posible, as reunións de órganos colexiados se farán de xeito presencial, adoptando as mesmas premisas antes mencionadas para as reunións do profesorado.

Nas sesións que se teñan que celebrar a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma que sexa necesaria e, de ser preciso, un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos o senso das votacións.

Zona de profesorado:

O emprego dos elementos situados na zona exclusiva do profesorado, dado o pequeno número de docentes no centro, implicará unha posta en común dun procedemento que garde as medidas de distanciamento e hixiénicas de seguridade así como de quendas consensuadas no que se considere necesario. Dito procedemento será acordado entre o profesorado e comunicado á dirección do centro.

16.- MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGOGICO

Educación en Saúde:

De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19.

Ao longo do curso se realizarán co alumnado actividades de carácter transversal para a prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2.

O centro fará pública toda comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación. Así mesmo en colaboración co centro de saúde ou profesionais de sanidade pode ser que se organicen posibles charlas sobre a prevención e protección.

Toda a información se fará visible na web do centro.

Aulas virtuais e ensino a distancia:

A Consellería de Educación, Universidade e FP facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual. O acceso á mesma estará na páxina web do centro escolar:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas/aulavirtual/>

Aínda que no centro non contamos con persoal con coñecemento e experiencia, o coordinador TIC será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais e a comunicación cos asesores de Abalar. Este coordinador TIC tamén colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes.

De calquera xeito, o noso para os cursos máis baixos (educación infantil e 1º e 2º de primaria) é posible que empregue a plataforma de AGUEIRO. Durante o período de alarma foi o sistema

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

No mes de setembro, o centro identificará ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia.. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as

súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

As programacións didácticas incluirán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia. Incluirase na programación o modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática. Tamén se incluirán os mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

De ser posible, aquelas previsións existentes no documento de “instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa serán colgadas na web do centro.

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente esta en situación de corentena cando non exista suspensións da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. Isto pode ser complementado con fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter o contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para o alumnado.

“Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa. Será obxecto de difusión na paxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas.

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poidan identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Enquisa de autoavaliación



PRESENTOU NAS ÚLTIMAS DÚAS SEMANAS?

SÍNTOMAS RESPIRATORIOS?



Febre maior de 37,5 °C

Tose seca

Dificultade respiratoria

OUTROS SÍNTOMAS?



Fatiga severa (cansazo)

Dor muscular

Falta de olfacto

Falta de gusto

Diarrea



TEN ACTUALMENTE ALGÚN DOS SÍNTOMAS?

Sinalar cales e cando comezaron



TIVO CONTACTO NAS ÚLTIMAS 2 SEMANAS?



Cunha persoa covid-19 + confirmado

Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola covid 19



CONVIVIU NAS ÚLTIMAS 2 SEMANAS?



Cunha persoa covid-19 + confirmado

Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola covid 19

Enquisa de autoavaliación

Todo o alumnado e persoal do centro **realizará unha autoavaliación diaria** para comprobar que non existe síntomas de infección pola covid-19.

PERSOAL DOS CENTROS



O resultado da enquisa **NON** ten que comunicarse cada día aos centros educativos, senón que o afectado debера seguir o protocolo oportuno en caso de detectar síntomas.

Protocolo a seguir polo persoal en caso de detectar un ou máis síntomas:

- 1 **Non acudir** ao centro educativo
- 2 **Comunicar os síntomas** ao seu servizo sanitario
- 3 Comunicar a situación ao **equipo covid** do seu centro educativo.
- 4 De forma preventiva, debe manterse en **illamento domiciliario**, ata que os facultativos correspondentes dean as indicacións oportunas

ALUMNADO



O resultado da enquisa **NON** ten que comunicarse cada día aos centros educativos, senón que o afectado debера seguir o protocolo oportuno en caso de detectar síntomas.

Protocolo a seguir polo alumno (ou pais/nais ou titoraes/as legais) en caso de detectar un ou máis síntomas:

- 1 **Non acudir** ao centro educativo
- 2 **Comunicar os síntomas** ao seu servizo sanitario
- 3 **Comunicar ao centro a ausencia do alumno** (non é necesario certificado médico, so xustificante dos pais. Non computará como falta)
- 4 De forma preventiva, debe manterse ao alumno en illamento domiciliario, ata que os facultativos dean as indicacións oportunas.

ANEXO II: PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN PARA A XESTIÓN DA VULNERABILIDADE EN ÁMBITOS NON SANITARIOS NIN SOCIO-SANITARIOS

Grupos vulnerables	Patoloxía controlada				Patoloxía descompensada				Comorbilidade ≥ 2 aspectos			
	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4
Exposición laboral	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4
Enfermidade cardiovascular/HTA	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Diabetes	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermidade pulmonar crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Insuficiencia hepática crónica severa	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Inmunodeficiencia	1	3	3	3	1	4	4	4	1	4	4	4
Cancro en tratamento activo	1	4	4	4	1	4	4	4	1	4	4	4
Obesidade mórbida (IMC>40)	Sen patoloxía engadida				Patoloxía controlada				Patoloxía descompensada			
	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4
Embarazo	Sen complicacións nin comorbilidades				Con complicacións ou comorbilidades							
	1	3	3	3	1	4	4	4				

NR1: semellante ao risco comunitario, traballo sen contacto con persoas sintomáticas

NR2: traballo en contacto con persoas sintomáticas, mantendo a distancia de seguridade e sen actuación directa sobre elas

NR3: asistencia ou intervención directa sobre persoas sintomáticas, con EPI axeitado e sen manter a distancia de seguridade

NR4: profesionais non sanitarios que deben realizar manobras xeradoras de aerosois, como por exemplo RCP

1	Non precisa nin adaptación nin cambio de posto, permanecendo na súa actividade profesional
2	Continúa a actividade laboral. Pode realizar tarefas con exposición a persoas sintomáticas con EPI axeitados
3	Pode continuar actividade laboral sen contacto con persoas sintomáticas. Se existe imposibilidade, iníciase a tramitación para declarar ao/á traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo - lactancia (PREL)
4	Precisa cambio de posto de traballo e, de non ser posible, iníciase a tramitación para declarar ao/á traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo-lactancia (PREL)

ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE

SOLICITANTE	
Nome e apelidos:	
DNI:	Teléfono:
Correo electrónico (obligatorio):	
Enderezo a efectos de notificacións :	
Código Postal:	Localidade:

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO	
Nome do Centro: CEIP AS FORCADAS	
Enderezo: RÚA AS FORCADAS S/N	
Código Postal: 15114	Localidade: CORME-PORTO
Posto de traballo: MESTRA	

SOLICITA a valoración da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ou no seu caso o servizo de prevención alleo a efectos da determinación do condición de persoal sensible de conformidade co previsto na Resolución de 22 de xullo de 2020

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obran no seu poder, así como aqueles que lle sexan requiridos.

En Corme, a 24 de setembro de 2020

Sinatura:

DIRECTOR DO CENTRO

Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial

inspeccion.medica.coruna@edu.xunta.gal

Tif. 981 184763

ANEXO IV: MODELO DE CERTIFICACIÓN DE CONDICIÓN DE SEGURIDADE NO CENTRO EDUCATIVO

O 22 de xullo de 2020 dítase a Resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se determina o protocolo de inicio do curso 2020-2021, se determinan as instrucións e se adoptan medidas de prevención e hixiene nos centros de ensino non universitario dependentes da Consellería.

No protocolo, establecece o informe que debe elaborar a dirección no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes para o solicitante.

D./Dna. _____ solicitou a súa consideración como persoal sensible.

Polo exposto, D./Dna. Manuel Nicolás Caridad, na súa calidade de Director/a do centro público CEIP As Forcadas (15013230),

INFORMA:

Marcar con X ou tachar o que non proceda

- Que o solicitante presta servizo neste centro educativo en condición de: docente, persoal administrativo, de limpeza, ou outra categoría.
- Que no centro existe dotación de xel hidroalcolico, e restantes elementos para a hixiene das mans consonte ao protocolo.
- Que existe dispoñibilidade de máscaras diarias para o solicitante.
- Que nas aulas existe unha separación de 1,5 metros ata o lugar ocupado polo alumnado.
- Que nos espazos comúns (sala de profesores, salas de reunións, etc.) existe unha separación de 1,5 metros entre os postos.
- Que no posto de traballo (persoal administrativo) existe a debida separación de 1,5 metros diante das persoas que acoden ao centro.

E para que conste diante da inspección médica da Xefatura Territorial de A Coruña.

Asinase o presente informe con data 24/09/2020


ANEXO V: INFORMACIÓN QUE SE LLE SOLICITARÁ AO CENTRO

O **equipo covid** do colexio deberá empregar a aplicación **EduCovid** para comunicar a información de cada caso que se presente no centro.

Mediante a aplicación darase toda a información de persoal traballador e alumnado relacionado con cada caso concreto por ser considerados contactos estreitos.

Para acceder á aplicación pódese seguir o seguinte enlace:

<https://edu.xunta.es/protocoloseducativos/>



ANEXO VII: DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e apelidos do pai ou nai ou titora: _____

DNI / NIE / Pasaporte: _____

Nome do/a alumno/a: _____

Curso: 4º EI - 5º EI - 6º EI 1º EP - 2º EP - 3º EP - 4º EP - 5º EP - 6º EP

Declaro, con responsabilidade:

1. Que o meu fillo/a miña filla, durante os últimos 14 días e neste momento:

Non presenta ningún síntoma compatible co covid-19 (febre, tose, dificultade para respirar, malestar, diarrea ...) ou con calquera outra enfermidade infecciosa.

Non estivo en estreito contacto con ninguén que deu positivo no covid-19 ou que o tivera sintomatoloxía compatible con esta enfermidade nos últimos 14 días.

Ten o calendario de vacinacións actualizado.

2. Que o meu fillo non padece ningunha das seguintes enfermidades: Que o meu fillo padece algunha das seguintes enfermidades:

(Seleccione unha das dúas opcións)

Enfermidades respiratorias graves que requiren medicación ou dispositivos de apoio ventilatorio.

Enfermidade cardíaca grave.

Enfermidades que afectan o sistema inmunitario (por exemplo, se necesitan tratamento con inmunosupresores).

Diabetes mal controlada.

Enfermidades neuromusculares ou encefalopatías moderadas ou graves .

3. Que tomo a temperatura da miña filla/o a diario antes de saír de casa para ir á escola e que, en caso de febre ou presentar algún dos síntomas compatibles con covid-19, son consciente de que non debe nin debo ir ao centro.

4. Que coñezo a obriga de informar ao colexio da aparición dalgún caso de covid-19 no noso entorno familiar e manter un estreito contacto coa escola en caso de calquera incidente.

5. Que debo comunicar a falta de asistencia ao centro escolar o propio día da ausencia.

E, para que conste, aos efectos da incorporación do meu fillo/a, no centro educativo CEIP As Forcadas (15013230), asino esta declaración de responsabilidade e consentimento explícito ao tratamento dos datos contidos nesta declaración.

En Corme, a 9 de setembro de 2021

Asdo.:

ANEXO VIII: PLAN DE CONTINXENCIA

O Plan de Continxencia do centro educativo ten por finalidade establecer: as actuacións previas diante da aparición dun gromo, as actuacións para o período de actividade lectiva non presencial e as medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. **Non asistirán** ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en **illamento por diagnóstico** de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter **contacto estreito con algunha persoa** con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver **síntomas compatibles con COVID-19 no centro** educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado** de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

3. Débese **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria** de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de **gravidade** ou dificultade respiratoria chamarase ao **061**. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación

médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do **equipo** formado na **COVID-19** a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5 **A familia** dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha **consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun **caso diagnóstico da Covid 19** seguiranse as **recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade (--)**, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia **determinará** en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado** e a **duración das medidas** de corentena o que se comunicará ao **equipo COVID** do centro para a súa **comunicación á comunidade educativa**, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, poderá ordenar o **peche** dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso** con posterior **confirmación** é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da **autoridade sanitaria** a obriga de entrada en **corentena** de polo menos **10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de **contacto estreito**.

10. A **suspensión da actividade lectiva** presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de

determinación do **nivel de risco** a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos **NR 2** para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Colaborar coas familias en situación de vulnerabilidade a poder acceder as axudas do concello para estas situación: conectividade, equipos,...
- b) Publicitar os contactos individuais dos membros do profesorado ás familias: videoconferencias Cisco Webex, dirección de correo electrónico, números de teléfono,...
- c) Achegar material necesario para poder abordar a educación a distancia que quedase no centro escolar aos domicilios do alumnado.
- d) Mantemento dunha constante atención das titorías e especialistas co seu alumnado.
- e) Uso da Aula Virtual e demais plataformas corporativas que permitan continuar co proceso educativo.

f) Realizar tarefas de desinfección no centro escolar.

g) Planificar a partir das indicacións da autoridade sanitaria a volta á educación presencial.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro levará a cabo o retorno a actividade presencial seguindo as indicacións da autoridade sanitaria.

Sen prexuízo das citadas indicacións, o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación cando afecte cando menos a un grupo-aula completo:

Fase 1 Adecuación de espazos

- Análise da situación actual dos espazos e de posibles melloras en termos de seguridade.
- Análise da organización de quendas e movementos de circulación interna.
- Intensificación da sinalización existente.

Fase 2 Programa de formación

- Programar un reforzo na formación en materia de seguridade dos grupos afectados pola educación non presencial.
- Poñer a disposición do alumnado un espazo onde poidan plantexar as súas dúbidas e que estas sexan resoltas.

Fase 3 Viabilidade de retorno ao centro escolar.

- O equipo Covid en colaboración coa autoridade sanitaria programará o retorno a educación presencial: data, horario, servizos complementarios, persoal docente, ...

Fase 4 Retorno ao centro escolar.

- Posta en marcha de xeito práctico da educación presencial.

PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19

Obxectivo

Proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:

- a interacción entre alumnado e profesor
- a realización de tarefas
- a avaliación do progreso

Principais medidas

Desenvolvemento dun horario similar ao do ensino presencial, o chamado “horario espello”, empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais

Instrucións a seguir no caso de peche ou confinamento

Distribución de medios informáticos en función das necesidades do alumnado

Posta en marcha de mecanismos de avaliación e control do alumnado

Formación e información para o ensino a distancia

Dirixido a

Alumado de 3º a 6º de Primaria

ORGANIZACIÓN PREVIA NO CENTRO

Elaboración do horario para o ensino a distancia (horario espello).

Realización de simulacións en aula ordinaria que permitan ter formación en aula virtual e videoconferencias, así como estar familiarizado coa estrutura da web do centro.

Análise das necesidades de dispositivos electrónicos cos que vai contar o alumnado en caso de situación de peche. Dita información será compartida coa inspección educativa.

Identificación do profesorado con carencias en formación nesta materia así como mecanismos dentro e fóra do centro para prestarlles axuda.

QUE FACER SE SE DECRETA UN PECHE OU CONFINAMENTO

O mesmo día do peche dunha aula a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación AbalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

Actividade lectiva a distancia

1.- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles.

- Plataforma de videoconferencia institucional (Cisco Webex) que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios.
- Aula virtual: espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas.

Durante o peche ou confinamento o profesorado poderá impartir docencia no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

2.- O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión vaise establecer coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.

3.- As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

HORARIO ESPELLO

O “horario espello” para a docencia a distancia, é de obrigado cumprimento para alumnos/as e profesores/as e referencia para as familias, que vai establecer un proceso formativo similar ao do ensino presencial, avanzando nas programacións das áreas.

Este horario terá como obxectivo continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, co desenvolvemento dun ensino a distancia coa debida interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado.

Respectarase a carga lectiva de cara área. Esta repartirase de xeito que, como mínimo, o 60% do tempo se destinará á docencia virtual e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado.

CONTROL DA ASISTENCIA E AVALIACIÓN

O titor ou titora de cada alumno, informará aos pais, nais ou titores legais do alumnado das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe.

Control de asistencia

Establecerase diariamente polo profesor/a que deixará constancia a través da plataforma XADE. As familias poderán xustificar as ausencias as sesións co emprego da aplicación AbalarMobil ou co contacto directo co seu titor/a*.

*Ver no apartado Contacto ao final deste documento.

Control da avaliación do alumnado

O profesorado empregará os recursos da Aula Virtual e da propia plataforma de videoconferencias para realizar unha avaliación o máis similar posible a unha avaliación presencial.

Control da avaliación do Plan

A dirección do centro requirirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

O orientador do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais

Na distribución horaria establecerase unha sesión de titoría para o alumnado e outra para as familias.

FORMACIÓN E INFORMACIÓN

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia cómpre que o profesorado e alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian empregar, e poñer a disposición dos pais/nais ou representantes legais toda a información para que poidan apoiar ao alumado no proceso. Para iso:

- A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que o alumnado e as súas familias poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación e a aula virtual.

Entre os días 3 e 6 de novembro o centro organizou en colaboración co CFR dúas sesións por familia para dar formación no uso da web, videoconferencias por Webex e Aula Virtual.

- Empregaranse os recursos formativos que posúe o centro ou solicitarase o apoio do asesor Abalar ou asesores do Centro de Formación e Recursos.

A través do asesor de zona o titora do grupo de 4º a 6º de primaria participou como poñente nas xornadas formativas ás familias. Conseguiuse o 100 % de participación.

Cada familia fixo uso do equipo (tableta) que ao principio de curso lle foi asignada ao seus fillos/as.

- O profesorado de cada área ou materia experimentará no centro co alumnado o uso dos medios de comunicación telemática a empregar no caso de ter que desenvolver o ensino a distancia.

DISTRIBUCIÓN DE MEDIOS INFORMÁTICOS

A administración garantirá o dereito a educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.

No noso centro grazas á achega da ANPA temos unha tableta para cada alumno e alumna do centro. Por iso podemos dende os propios recursos do centro dar cobertura de equipos informáticos ao 100% das familias.

HORARIOS DE VIDEOCONFERENCIAS

Horario en Aula Virtual:

Despois de cada videoconferencia, haberá un tempo de 20 minutos para traballar na mesma materia na Aula Virtual.

O departamento de orientación determinará o traballo do profesorado especialista en AL e PT co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

1º Primaria

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:35-10:05	Matemáticas	Relixión / Valores	Ciencias Sociais	Lingua Galega	Ciencias Sociais
10:25-10:55	Lingua Castelá	Inglés	Matemáticas	Inglés	Lingua Castelá
11:15-11:45	Ed Física	Matemáticas	Ciencias da Natureza	Matemáticas	Matemáticas
12:05-12:35	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:35-12:55	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:55-13:25	Lingua Galega	Ciencias Sociais	Lingua Galega	Lingua Castelá	Ed Física
13:45-14:15	Ciencias da Natureza	Lingua Castelá	Música	Plástica	Lingua Galega

2º Primaria

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:35-10:05	Matemáticas	Relixión / Valores	Ciencias Sociais	Lingua Galega	Relixión/valores
10:25-10:55	Lingua Castelá	Inglés	Matemáticas	Inglés	Lingua Castelá
11:15-11:45	Ed Física	Matemáticas	Ciencias da Natureza	Matemáticas	Matemáticas
12:05-12:35	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:35-12:55	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:55-13:25	Lingua Galega	Ciencias Sociais	Lingua Galega	Lingua Castelá	Ed Física
13:45-14:15	Ciencias da Natureza	Lingua Castelá	Música	Plástica	Lingua Galega

3º Primaria

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:35-10:05	Matemáticas	Ciencias Sociais	Lingua Galega	Lingua Castelá	Lingua Castelá
10:25-10:55	Lingua Castelá	Lingua Castelá	Matemáticas	Lingua Galega	Matemáticas
11:15-11:45	Inglés	Lingua Galega	Plástica	Inglés	Lingua Galega
12:05-12:35	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:35-12:55	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:55-13:25	Ed. Física	Relixión	Ciencias da Natureza	Matemáticas	Inglés
13:45-14:15	Ciencias da Natureza	Música	Ciencias Sociais	Ed. Física	Ciencias Sociais

Horario para tutoría de alumnado: Luns de 16 a 17 horas.

Horario para tutoría de familias: Martes de 17 a 18 horas.

4º Primaria

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:35-10:05	Matemáticas	Ciencias Sociais	Lingua Galega	Lingua Castelá	Lingua Castelá
10:25-10:55	Lingua Castelá	Lingua Castelá	Matemáticas	Lingua Galega	Matemáticas
11:15-11:45	Inglés	Lingua Galega	Plástica	Inglés	Lingua Galega
12:05-12:35	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:35-12:55	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:55-13:25	Ed. Física	Relixión	Ciencias da Natureza	Matemáticas	Inglés
13:45-14:15	Ciencias da Natureza	Música	Ciencias Sociais	Ed. Física	Ciencias Sociais

Horario para tutoría de alumnado: Luns de 17 a 18 horas.

Horario para tutoría de familias: Martes de 17 a 18 horas.

5º Primaria

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:35-10:05	Ed. Física	Lingua Castelá	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
10:25-10:55	Lingua Castelá	Matemáticas	Ciencias da Natureza	Lingua Galega	Lingua Castelá
11:15-11:45	Matemáticas	Relixión	Inglés	Lingua Castelá	Inglés
12:05-12:35	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:35-12:55	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:55-13:25	Lingua Galega	Inglés	Plástica	Ed Física	Lingua Galega
13:45-14:15	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais	Lingua Galega	Música	Ciencias Sociais

Horario para tutoría de alumnado: Luns de 17 a 18 horas.

Horario para tutoría de familias: Martes de 17 a 18 horas.

6º Primaria

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:35-10:05	Ed. Física	Lingua Castelá	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
10:25-10:55	Lingua Castelá	Matemáticas	Ciencias da Natureza	Lingua Galega	Lingua Castelá
11:15-11:45	Matemáticas	Relixión	Inglés	Ciencias Sociais	Inglés
12:05-12:35	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:35-12:55	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:55-13:25	Lingua Galega	Inglés	Plástica	Ed Física	Lingua Galega
13:45-14:15	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais	Lingua Galega	Música	Ciencias Sociais

Horario para tutoría de alumnado: Luns de 17 a 18 horas.

Horario para tutoría de familias: Martes de 17 a 18 horas.

Atenderán ao ANEAE: Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Especialista de Pedagogía Terapéutica (Luisa)

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:35-10:05	1º Primaria		3º Primaria	5º Primaria	
10:25-10:55	Infantil		2º Primaria	3º Primaria	
11:15-11:45	5º Primaria		Infantil	2º Primaria	
12:05-12:35					
12:35-12:55					
12:55-13:25	2º Primaria		1º Primaria	1º Primaria	
13:45-14:15			5º Primaria		

Horario para titoría de familias: Martes de 17 a 18 horas.

Especialista de Audición e Linguaxe (Belén)

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:35-10:05	1º Primaria				3º Primaria
10:25-10:55	3º Primaria				1º Primaria
11:15-11:45	Infantil				2º Primaria
12:05-12:35					
12:35-12:55					1º Primaria
12:55-13:25	1º Primaria				Infantil
13:45-14:15	1º Primaria				

Horario para titoría de familias: Martes de 17 a 18 horas.

CONTACTO PROFESORADO MATERIAS

Para ter sesión de tutoría de alumnado ou familias será necesaria cita previa.

Dita cita previa pódese pedir por:

- Correo electrónico:

Titora 1º-2º EP (Eva)
Titora 3º-4º EP e Educación Física (Cristina)
Titora 5º-6º EP (Marina)
Lingua estranxeira e biblioteca escolar (Lucía)
Música e dirección

eva.belen.castro.cruz@edu.xunta.gal
crislt@edu.xunta.gal
mteijiz@edu.xunta.gal
luciagonzalezblanco@edu.xunta.gal
manuelcaridad@edu.xunta.gal

- Teléfono: 881880929, 881880930
- AbalarMobil

CONTACTO PROFESORADO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Para ter sesión de tutoría de alumnado ou familias será necesaria cita previa.

Dita cita previa pódese pedir por:

- Correo electrónico:

Orientadora (Sheila)
Audición e linguaxe (Belén)
Pedagoxía terapéutica (Mª Luisa)

sheila.rodriguez.trigo@edu.xunta.gal
belenfernandez@edu.xunta.gal
malualte@edu.xunta.gal

- Teléfono: 881880929, 881880930

ACCESO A VIDEOCONFERENCIAS CISCO WEBEX

PROFESORADO

ENLACE DE REUNIÓN

Selma (Infantil)

<http://eduxunta.webex.com/meet/selmaactd>

Cristina (titora 1º-3º e educación física)

<https://eduxunta.webex.com/meet/crislt>

Eva 1º-2º EP)

<http://eduxunta.webex.com/meet/eva.belen.castro.cruz>

Lucía (mestra inglés e matemáticas 3º)

<https://eduxunta.webex.com/meet/luciagonzalezblanco>

Marina (5º-6º EP)

<http://eduxunta.webex.com/meet/mteijiz>

Belén

<http://eduxunta.webex.com/meet/belenfernandez>

Mª Luisa

<http://eduxunta.webex.com/meet/malualte>

Pilar T (especialista de relixión)

<https://eduxunta.webex.com/meet/ptorrado>

Sheila (orientadora)

<https://eduxunta.webex.com/meet/sheila.rodriguez.trigo>

Manuel (especialista de música e valores cívicos 4º-6º)

<https://eduxunta.webex.com/meet/manuelcaridad>

ANEXO IX: PLAN DE ACOLLIDA

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Novas normas de organización e funcionamento do centro.

No colexio vanse establecer tres Grupos de Convivencia Estable. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos.

- 1.- En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia.
- 2.- A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras.
- 3.- O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.

A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

Actuacións de prevención, hixiene e protección.

4.- Os centro educativo informa aos membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección e as medidas de protección que se deben empregar, destacando:

- *O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sacala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.*

- *Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.*
- *Hixiene de mans: lavado frecuente, e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcolico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.*
- *A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.*
- *A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.*
- *Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.*
- *Habilitar dispensadores de xel hidroalcolico na entrada e en espazos comúns.*
- *Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada centro.*
- *Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.*
- *Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcolico nos espazos comúns.*
- *Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:*

Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.

Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con

posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

5.- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.

6.- Con anterioridade ao inicio do curso, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

7.- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros.

8.- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán preferentemente usadas só polo profesorado. Poderase arbitrar un sistema nas normas de aula compatible coa seguridade para que esta función a poida realizar o alumnado.

9.- Cando exista na portaría ou na administración do centro un espazo no que se distribúan formularios ou se entregue documentación que deba ser escrita facilitarase o material de escritura que deberá ser desinfectado polo usuario. Para estes efectos existirá ao carón un dispensador de xel.

10.- Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establecérase unha distancia mínima de 1.5 metros entre o usuario e o persoal, agás que se habiliten elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc.).

11.- O uso de luvas limitarase ao persoal de limpeza no momento de utilizar substancias abrasivas para a pel, así como ao persoal Auxiliar Técnico Educativo naqueles usos de asistencia á hixiene persoal do alumnado atendido, tal e como se viña facendo antes da emerxencia sanitaria.

Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

A Consellería de Educación, Universidade e FP facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual. O acceso á mesma estará na páxina web do centro escolar:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas/aulavirtual/>

Aínda que no centro non contamos con persoal con coñecemento e experiencia, o coordinador TIC será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais e a comunicación cos asesores de Abalar. Este coordinador TIC tamén colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes.

De calquera xeito, o noso centro con bos resultados en xeral de cara ás familias tamén fixo uso da plataforma AGUEIRO. É probable que cheguemos a facer uso desta opción máis atractiva a nivel visual e sinxela nos niveis máis baixos.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

No mes de setembro, se identificará ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

As programacións didácticas incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia. Seguiranse en calquera caso as instrucións que se diten dende a Consellería de Educación.

De ser posible, aquelas previsións existentes no documento de “instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa serán colgadas na web do centro.

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e

para o alumnado que parcialmente esta en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. Isto pode ser complementado con fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter o contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para o alumnado.

Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O centro conta cun programa propio que foi elaborado polo xefe do departamento de orientación do noso centro o curso pasado e que foi revisado e actualizado a situación do presente curso por parte da xefa do departamento de orientación do centro neste curso 2020-2021.

PROXECTO SOLAINA 2020/2021

En Corme todo o mundo coñece a Solaina, ese tobogán natural feito nun petón polo desgaste do paso de tanta xente xeración tras xeración... é algo único e moi valioso, que vincula a diferentes xeracións das xentes de Corme.

O noso proxecto de intervención toma prestado o nome deste lugar, polo simbólico dese espazo para a comunidade e porque precisamente un dos obxectivos do proxecto é tecer unha rede de confianza entre os nenos e nenas, entre o profesorado e coas familias, que nos permita afrontar con seguridade afectiva unha nova realidade educativa que non podemos adiviñar como vai ser mais si podemos facer un plantexamento de como queremos que sexa.

Empregamos como marco teórico para a súa elaboración as “MEDIDAS DE PREVENCIÓN, HIGIENE Y PROMOCIÓN DE LA SALUD FRENTE A COVID-19 PARA CENTROS EDUCATIVOS EN EL CURSO 2020-2021”

A Solaina pretende ser unha concreción propia do Programa para o coidado do benestar da comunidade educativa, que porá en marcha a Xunta de Galicia no curso 2020/21 para *“atender o benestar emocional de todos os membros que integran a comunidade educativa”*.

CONTEXTUALIZACIÓN DO PROGRAMA

De acordo coa tipoloxía de NEAE establecida no marco da LOE-LOMCE, un alumno presenta NEAE derivada de condicións persoais ou historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes por motivo de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados. Ao amparo do artigo 6 sobre a autonomía dos centros docentes recollido no

DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os órganos colexiados do centro educativo, Claustro de mestres e mestras, Consello Escolar, así como a ANPA, consideran que a situación vivida por toda a comunidade educativa, nomeadamente o alumnado do centro, supuxo un grave desaxuste emocional e paralizou, nalgúns casos de maneira total, o seu proceso de ensino-aprendizaxe. Polo tanto, considérase necesario organizar unha serie de medidas adecuadas a esta situación.

Non podemos saber con certeza como lles afecta e lles afectará esta situación traumática. Igualmente non podemos valorar como vai influír no seu desenvolvemento persoal a nova realidade dos centros, na que se ten que manter un distanciamento social e unhas normas moi estritas de comportamento, mais si que podemos ser sensibles á situación e adoptar as medidas de atención á diversidade tendo en conta as características do noso centro.

A escola en educación infantil e primaria é o lugar onde a maioría dos nenos e nenas comezan a súa socialización fóra da protección e seguridade dos seus fogares. Coa escola da nova normalidade, o contacto físico desaparece polo que precisamos adoptar solucións creativas que permitan minimizar o impacto negativo que traerá as limitacións de liberdade, sempre cumprindo a normativa sanitaria.

O cambio dende unha modalidade presencial de aprendizaxe a unha virtual, para a que nin o profesorado, nin familias nin o alumnado estaba preparado, presentouse como unha solución improvisada a unha situación excepcional. Aprendemos polas interaccións sociais, e o traballo cooperativo é unha ferramenta necesaria para o desenvolvemento cognitivo

polo que non podemos crer nunha escola virtual, e debemos potenciar ao máximo posible as interaccións entre os iguais e co profesorado.

A Solaina preséntase como un marco de actuación para dar unha unha resposta conxunta a estas inquedanzas expresadas por todos os axentes educativos. Empregando diferentes liñas de actuación como son; intervención específica do Departamento de Orientación co alumnado; organización de obradoiros; diversificación nos agrupamentos; acondicionamento de espazos; realización de saídas ao medio natural ou formación para o profesorado e familias, pretendemos que a volta ao colexio sexa o máis amable posible.

B. BASE TEÓRICA

No ámbito educativo, os cambios a nivel internacional supuxeron o paso dunha educación centrada na adquisición de coñecementos a outro enfoque orientado ao desenvolvemento das competencias. Entendemos as competencias como unha habilidade ou estratexia técnica, con carácter executable, resultado da combinación de unha ou varias dimensións da persoa, cuxa consecuencia é a resposta a unha situación problemática e contextualizada (Romera, M. 2020), entre as que se atopan as competencias emocionais. De acordo con Bisquerra (2009) a competencia emocional é “o conxunto de coñecementos, capacidades, habilidades e actitudes necesarias para tomar conciencia, comprender, expresar e regular de forma apropiada os fenómenos emocionais”.

Co desenvolvemento das competencias emocionais pretendemos axudar ao alumnado a unha mellor adaptación ao contexto favorecendo a convivencia e un afrontamento das circunstancias da vida con maiores probabilidades de éxito, aspecto esencial dunha

ciudadanía efectiva e responsable. Educar na responsabilidade cunha mirada crítica contribúe a que se poidan favorecer procesos educativos que inviten á reflexión e debate sobre a realidade que estamos vivindo, sobre as medidas necesarias de autocoidado e coidado cara as demais persoas, así como favorece a posta en marcha de procesos de investigación - acción sobre propostas e modelos de interacción social coidadosas e respectuosas coa comunidade educativa e coa contorna na que se insire.

Escolleuse para a acción educativa o chamado Modelo pentagonal de competencia emocional, modelo GROPE (Grup de Recerca en Orientació Psicopedagògica) da Universidade de Barcelona (Bisquerra, 2009; Bisquerra y Pérez, 2007) estruturado en cinco grandes bloques: conciencia emocional, regulación emocional, autonomía emocional, competencia social e competencia para a vida e o benestar. Así, a conciencia emocional refírese á capacidade para tomar conciencia das propias emocións e das emocións das demais persoas, así como a habilidade para captar o clima emocional dun contexto determinado. A regulación emocional ten que ver coa capacidade para xestionar as emocións de xeito apropiado. A autonomía emocional enténdese como a capacidade de levar adiante unha boa autoxestión das emocións. A competencia social concíbese como a capacidade para manter boas relacións coas demais persoas. E, por último, as competencias para a vida e o benestar son coñecidas como a capacidade para adoptar comportamentos axeitados e responsables fronte á solución de problemas familiares, persoais, profesionais e sociais, co fin de potenciar o benestar persoal e social (Pellicer Royo, I. 2011).

Outro pilar complementario sobre o que se asenta esta proposta é a Educación no Medio Natural ou ao aire libre. Partimos dun contexto privilexiado tanto no que ten que ver co patio escolar como na contorna xa que contamos cunha contorna natural próxima ao centro escolar que ofrece espazos e posibilidades pedagóxicas a desenvolver ao aire libre. Nun contexto sanitario no que as aglomeracións en espazos pechados están contraindicados, trataríamos de favorecer a posta en marcha de programas educativos que teñan a intervención pedagóxica ao aire libre como base educativa (Louv, 2018).

A.2. Instrumentos de avaliación

Formarán parte da avaliación inicial do alumando, no inicio do curso 2020/2021, regulada polo artigo 4 da Orde do 9 de xuño, unha serie de actividades propostas e coordinadas polo Departamento de orientación.

Empregaremos, no inicio de curso o modelo SMAT (soños, medos, alegrías e tristuras) unha versión amigable do análise DAFO que, no que a partir das opinións dos nenos e das nenas, busca achegarse e identificar posibles situacións problemáticas nas que se atopen, identificar barreiras ou limitacións, pero tamén desvelar as súas proxeccións e desexos de futuro ou a súa capacidade de resiliencia para superar posibles obstáculos.

- a) Enquisa para o profesorado.
- b) Enquisa previa para as familias.
Adxuntamos datos recollidos a enquisa cuberta polas familias entre o 15 e o 21 de xuño de 2020. Adxunto no Anexo I.
- c) Análise, debate e modificación de ser preciso, dos documentos de centro, nomeadamente o Proxecto Educativo e Plan de Convivencia.

Proposta de Medidas

O programa desenvolverase naqueles espazos máis adecuados ás necesidades de cada unha das propostas: **aula ordinaria, patio exterior, zonas naturais.**

A continuación explicamos cada unha das liñas de actuación, empregamos nomes da zona para nomealas.

O SALSEIRO

Nesta apartado soamente incluiría aspectos relacionados coas entradas e saídas (tanto a primeira hora como no recreo), tránsito entre clase , desprazamento dentro do centro para manter a distancia de seguridade sen entrar na exceso de regulamentación e prohibicións..

L3. Implementar as medidas necesarias para que o alumnado poda empregar o espazo escolar con liberdade e seguridade fomentando deste xeito tanto a autonomía como o desprazamento activo.

L2.2. Habilitaranse como zonas de acceso libre ao patio as dúas portas laterais. Estas L3.1. Na entrada á escola; a entrada será progresiva, suprimindo a formación de filas, o que facilitará unha entrada escalonada ás aulas sen necesidade de incorrer en aglomeracións nin xerar situacións de tensión ou conflictividade.

L3.3. No relativo á organización espacial das aulas procurarase fomentar unha distribución espacial do mobiliario que facilite a comunicación e participación co obxectivo de minimizar o impacto das medidas de distanciamento social no desenvolvemento das clases. Desta forma facilitaranse distribucións que permitan o traballo colaborativo, como por exemplo a situación das mesas en forma de estrela, de tal xeito que unha das mesas estará no medio e as demais arredor desta.

O RONCUDO

Que mellor forma de por en valor o voso territorio e a vosa paisaxe que aproveitando os espazos ao aire libre tanto dentro do recinto escolar como fóra. Con esta liña de traballo apostamos por unha educación en contacto coa natureza e ao aire libre, evitando na medida do posible que os cativos e cativas pasen toda a xornada lectiva dentro das aulas pechadas.

1. Adecuar espazos exteriores para un mellor aproveitamento dos mesmos durante os tempos de lecer ou para a realización de sesións ao aire libre.

Acondicionar un espazo de comunicación mantendo o distanciamento social, empregando cepos de madeira móbiles e bancos de exterior. Estes espazos permitirán ao mesmo tempo crear lugares de recollemento e descanso nos tempos de lecer.

2. Implementar as medidas necesarias para que o alumnado poda disfrutar do patio exterior, independentemente das condicións climatolóxicas.

As familias achegarán unhas botas de goma, un paraugas e un un chubasqueiro traxe de augas ou similar ,que estrañan de maneira permante no centro para poder realizar o recreo fóra en condicións de choiva moderada.

3. Promoverase o desprazamento activo á escola, a pé ou en bicicleta aproveitando o aparcamento para bicis que xa existe na escola e a posibilidade de promover un camiño escolar seguro dende o pobo ata á escola de forma que se facilitará a chegada progresiva do alumnado e se evitará a aglomeración que supón a entrada e saída do autobús.

4. Empregar, sempre que sexa posible, os espazos exteriores do centro e a contorna natural cercana para a realización de actividades didácticas.
5. Dinamizar a horta escolar como espazo de aprendizaxe e encontro facilitando tempos de aproveitamento na mesma. nesta mesma liña é preciso implicar ao alumnado no coidado e conservación da vexetación do patio escolar.

A RIBEIRA

O traballo por proxectos empregando metodoloxías cooperativas ven demostrando nos últimos anos como a chave das novas metodoloxías activas. Nesta liña de transformación a proposta da Riveira pretende xuntar, se as instrucións sanitarias así o permiten, a alumnado de diferentes cursos e incluso etapas , en grupos de traballo permanentes ao longo do curso.

Na etapa de Educación Infantil traballarase a Educación Emocional a diario coa intervención da titoraa dentro do seu grupo-aula.

Na etapa de Educación Primaria o grupo de 1º, 2º e 3º nivel quere implementar actividades relacionadas coa E. Emocional, que serán levadas a cabo pola súa mestra-titoraa en colaboración co Departamento de Orientación por se precisa axuda para o deseño e organización das tarefas.

No grupo formado por 4º, 5º e 6º nivel o titora traballará a Educación Emocional cando o considere preciso. Neste grupo non se ve factible dedicar unha sesión semanal polo volume de contidos a impartir en ámbolos tres niveis, mais si se traballará de forma transversal.

A falta da concreción dos contidos a implementar nesta liña de actuación algunhas ideas poden ser a realización de intervencións decorativas nos muros do cole, ou o estudio de botánica aproveitando as árbores, arbustos, plantas e flores que temos dentro do recinto escolar. Todas estas actividades estarán organizadas por quendas e por días para evitar que se xunten diferentes grupos.

A finais de setembro , e unha vez coñecida a realidade da volta ao centro educativo, e feitas as labores de coordinación e planificación entre o profesorado, realizarase unha sesión informativa coas familias.

A SOLAINA PEQUENA

Coidar entre todos e todas dos pequenos e pequenas da vila forma parte da identidade de Corme. Tan importante como como o desenvolvemento dun currículo académico é o coidado das emocións e dos sentimentos. Coa liña de intervención da Solaina preténdese iniciar ao alumnado de educación infantil no recoñecemento das emocións e na súa expresión.

Como xa se dixo con anterioridade, en Educación Infantil traballárase a Educación Emocional de forma diaria. As actividades levaráase a cabo a mestra-titora coa colaboración e axuda do Departamento de Orientación se fose preciso.

EDUCACIÓN EMOCIONAL (E.PRIMARIA)

Co desenvolvemento das competencias emocionais pretendemos axudar ao alumnado a

unha mellor adaptación ao contexto favorecendo a convivencia e un afrontamento das circunstancias da vida con maiores probabilidades de éxito, aspecto esencial dunha cidadanía efectiva e responsable.

Para implementar as actividades relacionadas co ámbito emocional teremos en conta o programa de coidado do benestar da comunidade educativa, que porá en marcha a Xunta de Galicia para *“atender ao benestar emocional de todos os membros que integran a comunidade educativa”*.

A. PLAN DE TRABAJO

Proposta curricular: **Obxectivos, contidos e actividades**

O programa estará enfocado a consecución dos seguintes **obxectivos xerais**:

- Crear un entorno escolar saudable e seguro para o alumnado.
- Priorizar a utilización dos espazos ao aire libre para a realización de actividades.
- Fomentar o transporte activo e as rutas seguras cara a a escola.
- Implementar un programa de Educación Emocional en Educación infantil e Primaria.

O programa estará enfocado a consecución dos seguintes **obxectivos específicos**:

- Adoptar as medidas de seguridade e hixiene recomendadas polo Ministerio de Sanidade.
- Coñecer a estrutura das emocións, as emocións básicas e as familias de emocións.
- Adoptar unha actitude positiva Desenvolver a habilidade de automotivarse.
- Desenvolver, dende unha metodoloxía vivencial as competencias emocionais (conciencia emocional, regulación emocional, competencias sociais) como estratexia para a prevención e o desenrolo do benestar persoal e social.

Os bloques de contidos son os seguintes:

A tipoloxía de actividades

O tipo de actividades ou situacións de aprendizaxe a implementar velarán por garantir a atención á diversidade e a igualdade de oportunidades e estarán enfocadas a promover unha aprendizaxe por competencias. Serán de carácter interdisciplinar, internivel e de base cooperativa. Promoveranse actividades diversas que atendan ás necesidades de todo o alumnado. Asemade, promoveranse situacións que promovan aprendizaxes activas e creativas.

Estratexias metodolóxicas

Partindo dos coñecementos previos do alumnado, levaremos a cabo unha metodoloxía na que apliquen os coñecementos adquiridos á **resolución de situacións da vida cotiá**.

Metodoloxías cooperativas e grupais, pois estimulan a motivación, o contraste, a resolución compartida de problemas, así como actitudes de respecto ás diferenzas. O traballo das diferentes propostas e competencias clave será transversal.

Todo isto obriga a unha **organización do espazo, distribución do tempo e tipo de agrupamentos flexibles** e dependente da natureza dos procesos de EA que se pretenda desenvolver en cada momento.

Recurso materiais, humanos e organizativos

Recursos humanos: as persoas titoraas e especialistas nas diferentes áreas, coa coordinación e asesoramento especializado do Departamento de Orientación.

Tamén se contará co apoio específico de profesorado con dispoñibilidade horaria. Será

fundamental recabar o máximo apoio e colaboración de cada familia, dentro das limitacións sociais e culturais existentes.

Recursos materiais: materiais especificamente deseñando dende o DO, Guía de actividades para a aula da Consellería de Educación.

Recursos organizativos: é preciso atender á organización e coordinación dos recursos e materiais cos docentes que van implementar o programa; así como a programación coordinada de sesións e actividades e a atención aos criterios metodolóxicos establecidos previamente.

Tamén debemos atender a comunicación coas familias e, de xeito interno no DO.

Avaliación e proposta de mellora

Criterios de avaliación xerais, que logo se detallan nos estándares da proposta curricular:

Temporalización das accións

O programa implementarase ao longo do curso 2020/2021 en tres fases diferenciadas.

PRIMEIRA FASE:

- Participación na formación específica que ofrecerá a Consellería de Educación.
- Deseño das sesións de ensino e aprendizaxe, as mesmas terán que adaptarse ás medidas sanitarias vixentes no momento de implementalas. Deberán ter un deseño flexible para que se podan levar á práctica, nunha hipotética situación de confinamento.
- Adecuación das sesións presenciais no horario das aulas.
- Establecemento das pautas de comunicación e participación das familias.
- Inventario e adquisición de ser necesario de material didáctico, decorativo e de

aproveitamento de espazos.

SEGUNDA FASE

- Implementación do programa, seguimento continuo e establecemento de revisións-axustes do mesmo.
- Xuntanzas de coordinación cas titoraas e docentes implicados e participación directa puntual na aula; participación nas sesións de avaliación.

TERCEIRA FASE

- Avaliación final: xuntanza específica e participación nas sesións ordinarias de avaliación.
- Elaboración da memoria e realización de proposta de mellora.